



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

## DECRETO DA ALCALDÍA

**ASUNTO: Padrones y Listas Cobratorias. COBROS DOMICILIADOS SAF DECEMBRO 2023**

**EXPEDIENTE:** 2024/X999/000030

**EXPEDIENTE DECRETO:** 2024/G003/000079

Visto o informe favorable da Tesoureira Municipal asinado dixitalmente en data 27/02/2024 e tendo en conta a necesidade de aprobar as liquidacións dos abonos correspondentes á prestación do servizo de axuda a domicilio (libre concorrencia e dependencia) do mes de DECEMBRO de 2023, consonte a ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar, publicada no Boletín Oficial da Provincia, nº159, do 22 de agosto de 2014 dende a súa entrada en vigor, e ao abeiro do informe e dos los listados de usuarios validados pola educadora social municipal que se achegan ao expediente e que totalizan os seguintes importes, por modalidade de prestación:

Libre concorrencia: 1.626,73 €

Dependencia: 3.336,26 €

Logo de ver que no Concello de Carral préstase o servizo de axuda no fogar, nas modalidades de dependencia e libre concorrencia, nos termos do regulamento do servizo municipal de axuda no foga do Concello de Carral, publicado no BOP n.º 159, do 22.08.2014, e que pola prestación do devandito servizo nas modalidades indicadas, estableceuse un prezo público a través do acordo regulador do público pola prestación do servizo de axuda no fogar no Concello de Carral, cuxa aprobación definitiva publicouse no BOP nº 159 do 22.08/2014, cuxo artigo 5 –“Contía do prezo público”- artigo 6 –“Participación no financiamento do servizo das persoas dependentes con dereito de atención recoñecido como usuarias do servizo de axuda no fogar”- e artigo 7 –“Participación das persoas usuarias no financiamento doutros servizos que impliquen copagamento”- establecen os prezos e cotas resultantes da aplicación dos criterios de copago neles establecidos por modalidade de prestación (dependencia e libre concorrencia).

Á vista do devandito informe proposta (que serve de motivación deste acto, de acordo co establecido no artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

Públicas) en uso das facultades outorgadas legalmente en aplicación do disposto no artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril de Bases do Réxime local polo presente **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Aprobar o padrón de contribuíntes, obrigados ao pago polos prezos públicos, derivados da prestación do servizo de axuda no fogar no Concello de Carral correspondente ao mes de decembro do 2023, nas modalidades de dependencia e libre concorrencia. así como as liquidacións integrantes deste, por importes de **3.336,26 € e 1.626,73 € respectivamente.**

**Segundo.-** A partir da data de sinatura do presente decreto, segundo o sistema de domiciliación bancaria, nos números de conta adxuntados polos usuarios, levaráanse as citadas liquidacións a través da conta aberta a nome do Concello de Carral na entidade bancaria Banco Sabadell, con IBAN ES93-0081-2190-8900-0105-5007.

**Terceiro.-** Que polo departamento de Intervención-Tesourería se proceda á realización dos trámites precisos para a súa exacción.

**Cuarto.-** Notificar de forma colectiva as liquidacións e o anuncio de cobranza en voluntaria do ingreso de Dereito Público anterior polos medios habituais, xunto coa súa publicación no el Boletín Oficial de la Provincia e no taboleiro de anuncios da Entidade..

Concello de Carral, na data de sinatura electrónica que figura á marxe

O Alcalde

Asdo.- FRANCISCO JAVIER GESTAL POSE

Dou fe, a Secretaria

Asdo.- REBECA VÁZQUEZ VÁZQUEZ